



É IMPRESCINDIBLE A COLABORACIÓN DE TODA A CIDADANÍA PARA QUE A XESTIÓN DOS RESIDUOS SEXA EFICIENTE; NESTE SENTIDO É MOI IMPORTANTE A FORMA DE REALIZAR A SEPARACIÓN DOS RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS.

Cando vaxamos depositar os nosos residuos domésticos debemos separalos en orixe e depositalos adecuadamente, fixándonos en que botamos cada tipo de residuos no contedor adecuado:

- Contedor marrón: biorresiduos
- Contedor azul: papel e cartón
- Contedor-iglú verde: vidro
- Contedor amarelo: envases plásticos, briks e latas
- Contedor verde: restos

Os residuos non incluídos nas fraccións detalladas anteriormente (aceite de fritir, roupa, pinturas, pilas, pequenos electrodomésticos...) deben ser tratados adecuadamente. A súa recollida realízase a través dos puntos limpos fixos e móbiles que poñen a disposición os concellos.

# EXPERIENCIAS SOSTIBLES

## CONTADOR MARRÓN (BIORRESIDUOS).

Neste contedor podemos depositar soamente residuos orgánicos biodegradables, de orixe vexetal ou animal.

- ✓ Exemplos: desperdicios de froitas e verduras, cascas de ovo, cascas de mariscos e froitos secos, posos de café e infusións, papel de coziña e panos de mesa usadas, pequenos restos de xardinería etc. Estes residuos deben depositarse en bolsas biodegradables, nunca de plástico.
- ✗ Nunca tires aquí toallíñas hixiénicas, compresas nin cueiros, cabichas, pelo nin restos de varrido, area de gato ou excrementos de animais.

## CONTADOR AZUL (PAPEL E CARTÓN).

Este contedor é o destinado para depositar residuos de papel ou cartón.

- ✓ Exemplos: xornais, folletos, revistas, caixas de cartón sen cintas adhesivas nin grampas metálicas, bolsas de papel, tubos de cartón etc. O que se deposite aquí non pode estar sucio, manchado de graxa ou con plásticos de ningún tipo, nin levar grampas, encadernacións doutros materiais...
- ✗ Nunca tires aquí refugallos hixiénicos (panos, compresas, cueiros, toallíñas), papeis ou cartóns de envases de comidas con revestimentos de aluminio ou plásticos; envoltorios de embutidos, os billetes de papel térmico...

## CONTADOR AMARELO (ENAVES PLÁSTICOS, BRIKS E LATAS).

Este contedor é o destinado para depositar envases de plástico ou metálicos e briks. Un obxecto, aínda que sexa de plástico, non debe tirarse a este contedor, debemos coller como referencia que sexa un envase.

- ✓ Exemplos: botellas de augas, refresco... envases de produtos de limpeza baleiros, bolsas, terrinas de manteiga e iogures; latas de conservas e bebidas, aerosois baleiros, papel de aluminio de coziña; briks de leite, zumes ou caldos.
- ✗ Non debemos tirar aquí xoguets, CD, utensilios de coziña, luvas de látex, biberóns, chupetes, cueiros, bolígrafos, rotuladores, material escolar...

## CONTADOR - IGLÚ VERDE (VIDRO).

Neste contedor depositaremos unicamente envases de vidro. Outros materiais coma a cerámica, o cristal ou a porcelana non son reciclables a través deste contedor, dado que a súa composición é diferente.

- ✓ Exemplos: botellas de vidro, tarros e frascos de vidro de bebidas, alimentos, artigos de cosmética e perfumería; frascos de vidro con rolón e atomizador como perfumes e desodorizantes.
- ✗ Nunca tires aquí cristais de xanelas, espellos, vidros de automóviles, vaixela de cristal ou porcelana, tapones-cortizas metálicas de envases de vidro.

## CONTADOR VERDE (RESTOS).

Neste contedor podemos depositar os residuos que non van nos outros contedores.

- ✓ Exemplos: residuos sanitarios (cueiros, compresas...); plásticos que non sexan envases nin envoltorios (bonecos, xoguets, máquinas de afeitar, cepillos de dentes...); cabichas, area de gato e excrementos de animais domésticos, cerámica e porcelana, biberóns e chupetes, residuos de limpeza doméstica (po de varrer, pelo, bolsas de aspiradora); papel e cartón sucios...; vasos, copas e outros obxectos de cristal e espellos.
- ✗ Nunca tires aquí medicamentos, residuos eléctricos, roupa nin calzado, restos de pequenas obras, aceite usado... para estes casos existen os puntos limpos.

## BIORRESIDUOS



## PAPEL E CARTÓN



## PLÁSTICOS



## VIDRO



## RESTOS

